

## A SERRA COMO RECURSO

Dende tempo inmemorial a serra proveu de sustento á poboación da contorna: auga, leña, alimento para o gando, complemento da agricultura etc. A día de hoxe continúa a ser unha gran fonte de recursos.

Na serra de Galiñeiro estanse a desenvolver numerosas experiencias de **aproveitamento multifuncional**: explotacións forestais de madeiras nobres, cultivo de cogomelos micorrizados, gandeiría (cabras, ovellas e vacas) etc. O **cabalo galego do monte**, que vive aquí en réxime de semiliberdade, é unha especie clave no mantemento da biodiversidade da serra. **Os curros** representan ademais unha das manifestacións etnográficas máis importantes do Val Miñor.

Numerosas **actividades de lecer** conflúen en Galiñeiro: sendeirismo, carreiras de orientación, escalada, paseos a cabalo, ciclismo de montaña etc. Tendo en conta que estamos nunha bisbarra fundamentalmente urbana, non hai que menosprezar a importancia deste recurso.

Galiñeiro garda un importante **patrimonio arqueolóxico e etnográfico**, que se manifesta en forma de mámoas, petróglifos, fortalezas, presas, levadas ou muíños de auga, incluíndo ademais un riquísimo patrimonio inmaterial (lendas, contos, topónimos...). A estes valores de tipo cultural temos que sumar unha **rica biodiversidade**, que se expresa en forma de moi variadas comunidades vexetais (as propias dos peñascais, carrasqueiras húmidas con carrasco de turbeira...), así como un gran número de especies animais e vexetais, algunhas delas catalogadas (saramanta rabilonga, o narciso coñecido como mallo etc.).

**Todos estes valores, aos que hai que sumar a xeodiversidade, correrían perigo no caso de que este espazo natural fose alterado. Perderíase para sempre o seu valor científico e didáctico se se introducen novas formas de explotación como a minaría a ceo aberto ou os polígonos eólicos.**



## AS ROCHAS

Tradicionalmente explótouse o **granito** das súas abas en canteiras artesanais que co tempo se foron convertendo en explotacións industriais, incrementando o seu impacto sobre o medio.

Na serra de Galiñeiro, ademais de granito existen outras rochas chamadas **gneis**, que se caracterizan por presentaren os minerais en bandas claras e escuras.

Dous son os tipos de gneis que hai en Galiñeiro: os **paragneis**, que proceden dos sedimentos da beira daquel continente primitivo, e os **ortogneis**. Estes últimos, procedentes de granitos dunha particular composición, conteñen "**Terras Raras**", elementos químicos moi cotizados actualmente pola súa aplicación nas novas tecnoloxías. Estes elementos poderían explotarse en minas a ceo aberto na serra de Galiñeiro, representando unha das principais ameazas ás que se enfrenta actualmente este espazo natural.

## A AUGA

A gran cantidade de olleiros ou mananciais que salpican as súas ladeiras provén de auga para uso doméstico e de regadío á poboación miñorana, do Val do Louriña e parte da viguesa.

Esta serra de 700 m de altitude, situada a pouca distancia do mar, frea os ventos cargados de humidade provocando a súa condensación, convertendo a serra nun gran reservorio de auga, debido ao carácter impermeable e moi fisurado das súas rochas.

Se o uso que actualmente se fai deste **limitado recurso de dominio público** está poñendo en perigo algúns dos fráxiles e valiosos ecosistemas da serra, as actuacións e explotacións que se prevén para o futuro alterarían definitivamente o seu equilibrio hidrico.




[www.serradogalinheiro.org](http://www.serradogalinheiro.org)



A AEPECT - [www.aepect.org](http://www.aepect.org)

(ASOCIACIÓN ESPAÑOLA PARA O ENSINO DAS CIENCIAS DA TERRA)



# XEOLOXÍA DE GALIÑEIRO

**COÑECER  
PARA  
PROTEXER!!!**

Millóns de anos de historia xeolóxica deixaron a súa pegada en Galiñeiro. Materiais que estiveron mergullados na beira dun antigo océano hoxe están á vista en superficie.

Durante este tempo foron pregados, fracturados, desprazados a diferentes alturas e finalmente erosionados ata conformar a paisaxe actual desta serra.

Tradicionalmente a serra de Galiñeiro subministróu recursos á poboación, e isto foi compatible coa súa preservación.

Pero actualmente a **singularidade desta formación xeolóxica e a representatividade da súa paisaxe poden verse ameazadas.**



Hai 500 millóns de anos (Ma), preto do Polo Sur e na beira dun continente, baixo as augas dun antigo océano, encontrábanse gran parte dos materiais que hoxe conforman a serra de Galiñeiro.



Hai uns 300 Ma este territorio xa se situaba aproximadamente no lugar actual.



Cando se formou o supercontinente Panxea (250 Ma atrás), o territorio que hoxe conforma Galicia viuse afectado pola colisión de dúas grandes masas continentais, que pregou e elevou eses materiais orixinando unha cordilleira de enormes dimensións, do tipo do Himalaia. A serra de Galiñeiro conserva a base ou núcleo desa gran cadea montañosa.



Dende entón, e durante uns 200 Ma, as forzas de desgaste da natureza, en forma de meteorización e erosión, desfizeron esa enorme cordilleira. Miles de metros de espesor de materiais arrincados foron parar ao océano; quedando o territorio galego convertido nunha gran chaira mentres que as rochas máis resistentes formaban relevos sobresaíntes, como os cumios de Galiñeiro.



O empuxe provocado pola formación de cadeas montañosas máis recentes, como os Pirineos e a Cordilleira Cantábrica, fixo que esa gran chaira rompese en blocos, creando novos desniveis; a serra de Galiñeiro forma parte dun bloco que resultou elevado. As mencionadas forzas de desgaste encargáronse de suavizar o relevo ata darlle o aspecto que presenta na actualidade.

## A PAISAXE XEOLÓXICA DA SERRA

A serra de Galiñeiro constitúe un referente na memoria colectiva das xentes que habitan esta zona. Historia e natureza combinanse aquí para dar unha paisaxe singular, o que lle dá un carácter representativo dentro da Galicia sur.

O cumio da serra é un relevo máis resistente que aqueles que se observan arredor, representando o que se coñece como un "monte illa". Ao seu pé (vese claramente na Lagoa dos Bromús) destacan os restos da gran chaira denominada **Superficie fundamental de Galicia**.

Tamén se poden observar restos doutras superficies de erosión a diferentes alturas, separadas por zonas de maior pendente, resaltando de cando en vez relevos máis resistentes.

**OS VALORES DE GALIÑEIRO: UN MUNDO A DEFENDER!!!**

Mención especial merecen os outeiros rochosos que aquí se coñecen como **cotos**, e que destacan nas faldas da serra. Orixinados a partir de magmas que solidificaron en profundidade formando rochas graníticas, estes materiais afloran hoxe na superficie despois de sufriren un proceso de fracturación e arredondamento cando aínda estaban soterrados.

En tempos xeolóxicos recentes tiveron lugar **procesos de periglaciario**: a auga conxelada nas fendas das rochas, día tras día, acababa provocando a fractura das mesmas debido ao maior volume do xeo. O resultado destes procesos pódese observar hoxe percorrendo os cumios da serra: ben en forma de "**cornixas periglaciares**" nas paredes verticais, ben en forma de **pedreiras** formadas polos bloques desprendidos desas paredes, ben noutras formas.

Estes fenómenos de periglaciario contribuíron a suavizar as pendentes e orixinaron **covas** a partir de grandes fendas preexistentes. En Galiñeiro existen ademais outros tipos de covas: o amoreamento de bloques graníticos sobre o leito dun regueiro pode conformar dende pequenos abrigueiros ata cavidades de máis longo percorrido, sendo as **Covas da Trapa** unha referencia en Europa. Noutros casos, o amoreamento foi provocado polo desprazamento de grandes bloques de rochas ao longo dunha fractura ou falla.

*Touba do Brión*

Tamén na serra hai outras covas orixinadas pola alteración (meteorización) do granito. **A Lapa da Moura**

